

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



CONCELLO
DE TEO
Urbanismo

INFORME TECNICO DA DOCUMENTACIÓN ACHEGADA PARA APRECIAR OU NON O CARÁCTER DESPROPORCIONADO OU ANORMAL DAS OFERTAS DO PROCEDIMENTO CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024.

IGNACIO SOTO GONZALEZ, arquitecto do Concello de Teo, a petición da mesa de contratación do procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) da obra incluída na "**AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024**", emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO.

O presente informe ten por obxecto valorar a documentación achegada para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal das ofertas procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras incluídas na "AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024".

1.1 EMPRESAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS:

- GAROCAPRIM S.L.
- LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

1.2 ANALISIS DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

A) GAROCAPRIM S.L.

1. Xustificación de prezos ofertados:

Presenta cartas de compromiso dos provedores con prezos unitarios das empresas

Presenta análises detallado da oferta por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico así como relación de descompostos das partidas con prezos modificados.

2. Volume de obra:

Non presenta

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Non presenta.

4. Cumprimento de obrigacións salariais:

Non presenta.

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas

O presente informe técnico está numerado e asinado en todas as súas páxinas

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



Non presenta.

A xuízo deste técnico a empresa GAROCAPRIM S.L. **NON XUSTIFICA** a baixa desproporcionada ou anormal conforme á lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación xa que entenderase que a xustificación presentada explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador por ser incompleta desde o punto de vista técnico.

B) LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

1. Xustificación de prezos ofertados:

Presenta cartas de compromiso dos provedores con prezos unitarios das empresas
Presenta análises detallado da oferta por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico así como relación de descompostos das partidas con prezos modificados.

2. Volume de obra:

Non presenta

3. Relación entre custo laborais fixos e volume de obra contratada:

Non presenta

4. Cumprimento de obrigacións salariais:

Non presenta

5. Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas

Non presenta

A xuízo deste técnico a empresa LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L. **NON XUSTIFICA** a baixa desproporcionada ou anormal conforme á lexislación aplicable en materia de contratación e ao prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación xa que entenderase que a xustificación presentada explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador por ser incompleta desde o punto de vista técnico.

Á vista da documentación presentada polas empresas

- GAROCAPRIM S.L.
- LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L.

e de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rixen o procedemento aberto (cun único criterio de valoración: factor prezo) das obras incluídas na “AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS. SB-1/2024” **este**

SERVIZOS TECNICOS MUNICIPAIS.



CONCELLO
DE TEO
Urbanismo

técnico entende que a empresas GAROCAPRIM S.L. e LAPPSET ESPAÑA V.R., S.L. non xustifican a oferta de carácter desproporcionado ou anormal

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender e que someto a calquera outra mellor formada, ten carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para ó axuste á legalidade vixente da actuación pretendida.

Asemade as valoracións técnicas contidas neste informe teñen que ponderarse dende os presupostos técnicos constatados nos documentos que se citan como os únicos que constan no expediente que se me amosa para a súa emisión, o que supón que unha alteración ou modificación dos mesmos comportaría a invalidez das apreciacións e valoracións técnicas expresadas neste informe.

Teo,
O Arquitecto municipal
Ignacio Soto Gonzalez